

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 13 de agosto de 2010 pola que se modifica a Orde do 10 de febreiro de 2009, sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

A través da Orde do 10 de febreiro de 2009 regulouse a selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia (DOG nº 43, do 3 de marzo), normativa que se aprobou en desenvolvemento do previsto no artigo 472.2º da Lei orgánica do poder xudicial, modificada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, por mor da transferencia de funcións á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, realizada a través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e do Decreto da Xunta de Galicia 438/1996, do 20 de decembro.

Desde a publicación da devandita orde puxéronse de manifesto diversas circunstancias, nalgún caso derivadas da execución de sentenzas ditadas polos xulgados do contencioso-administrativo e noutros derivadas da experiencia adquirida polos servizos implicados na selección e chamamento de interinos, que aconsellan introducir algunhas modificacións para mellorar a xestión das bolsas, conseguir maior transparencia en prol dos aspirantes e potenciar a formación dos candidatos.

Polo anteriormente exposto, e logo da negociación coas organizacións sindicais a través da comisión paritaria de interinos derivada da Mesa Sectorial de Xustiza,

DISPOÑO:

Modifícase a Orde do 10 de febreiro de 2009 sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia nos seguintes termos:

Primeiro.-O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20º.-*Selección, chamamento de candidatos e entrega da documentación de toma de posesión.*

1. O proceso de selección e chamamento de candidatos, así como da aceptación por estes das prazas ofertadas, será telemático. Este proceso divídese en tres fases:

a) Anuncio da oferta de prazas e chamamento de candidatos. Cada mércores -ou, no seu defecto, o día seguinte hábil-, ata as 14.00 horas, os departamentos territoriais competentes para o chamamento publicarán a relación de prazas ofertadas, ordenadas

por orde cronolóxica de presentación. Esta relación incluirá as prazas que, aceptadas para a dotación con interino, fosen solicitadas ata as 9.00 horas do día hábil anterior, e expresará se se trata dunha praza vacante, de reforzo ou desocupada, así como tamén o motivo da desocupación. Así mesmo, publicárase a relación de persoas preseleccionadas para cubrilas segundo a orde de prelación que resulta do artigo 14º desta orde, cunha ratio de dúas persoas por cada praza ofertada. A publicación realizarase na forma prevista no punto 2 deste artigo.

b) Aceptación de prazas ofertadas. As persoas incluídas na relación de preseleccionadas disporán dun termo, que irá desde a publicación ata as 14.00 horas do día seguinte hábil, para cumprir coa obriga de comunicar a aceptación de prazas (establecendo entre elas a orde de preferencia no caso de aceptaren varias) ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta. A comunicación de cada participante deberá conter, como mínimo, aquelas prazas que sexan da súa zona de preferencia. Excepto que a oferta indicase o contrario en aplicación do disposto nos puntos 2 e 3 da disposición adicional segunda, se non se ofrecen prazas da zona de preferencia do preseleccionado, este poderá absterse de aceptar ningunha. Esta comunicación realizarase na forma prevista no punto 2 deste artigo. De non se efectuar a comunicación da aceptación antes de que venza o dito termo, considerarase que a persoa preseleccionada non acepta ningunha das prazas ofertadas.

c) Publicación das persoas seleccionadas. Cada luns -ou, no seu defecto, o día seguinte hábil-, ata as 14.00 horas, os departamentos territoriais competentes publicarán, na forma prevista no punto 2 deste artigo, a relación de prazas aceptadas e as persoas seleccionadas.

2. Para o desenvolvemento do proceso previsto no punto anterior, tanto as publicacións que realicen os departamentos territoriais coma as comunicacións que a eles lles dirixan as persoas interesadas realizaranse a través do portal de servizos web de AIX (Aplicación Informática de Xustiza), accesible desde a páxina web da consellería competente en materia de xustiza. Con tal fin, a todos os compoñentes das bolsas de interinos facilitaráselles, de non o teren xa, un usuario de acceso. Os códigos de identificación da conta de usuario e do contrasinal serán de uso persoal e intransferible.

Os usuarios poderán obter da aplicación informática confirmación da realización dos trámites.

En caso de avaría poderán enviar as súas solicitudes por fax, e tamén presentalas persoalmente no rexistro do departamento territorial.

Segundo o permita o desenvolvemento da tecnoloxía que soporta este proceso, a Dirección Xeral de Xustiza poderá aprobar o establecemento doutros mecanismos de acceso electrónico e telecomunicación.

3. Consonte o previsto no artigo 15º desta orde, se tras o proceso descrito nos dous puntos anteriores quedasen prazas sen aceptar, os departamentos territoriais da consellería competente en materia de xustiza notificaránlles a súa exclusión das bolsas de interinos ás persoas que a través do dito proceso foron chamadas para aceptar as prazas e non as aceptaron expresamente, feito este que determina o referido resultado. As prazas serán incluídas na seguinte oferta de prazas.

Quedarán excluídas da notificación prevista neste punto as persoas comprendidas nalgún dos supostos do artigo 15º.2 desta orde.

4. Desde a publicación das persoas seleccionadas, estas disporán dun prazo máximo de tres días hábiles para tomar posesión ante o departamento territorial competente, en cuxo momento presentarán, como requisito inescusable, os seguintes documentos:

a) Declaración xurada ou documento xustificativo de non ter sido condenado por delito doloso a penas privativas de liberdade maiores de 3 anos, a non ser que se obtivese a cancelación dos antecedentes penais ou a rehabilitación.

b) Declaración xurada ou documento xustificativo de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública, e de non estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas, agás que fose debidamente rehabilitado.

c) Certificado médico que acredite que non padece defecto físico ou enfermidade psíquica ou física que o incapacite para o desempeño do cargo.

5. Nos supostos en que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente, ou cando polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas fose necesario a súa cobertura de forma urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderase realizar telefonicamente desde o momento en que se produza a necesidade.»

Segundo.-O artigo 21 queda redactado como segue:

«Artigo 21º.-*Cesamentos e renunciacións.*

1. Os interinos nomeados ao abeiro do disposto no artigo 18º desta orde cesarán cando sexa cuberta por un funcionario titular a praza desempeñada por un interino, ou ben por finalización das necesidades do servizo ou urxencia que motivaron a cobertura do posto con persoal interino. Tamén cesarán cando cambie a situación xurídica do titular dun posto desempeñado por un interino e proceda a cobertura do dito posto por substitución vertical entre titulares, que se considerará preferente.

O cesamento terá efectos no momento da incorporación efectiva do funcionario titular; no entanto,

poderase autorizar a continuidade do interino se no órgano houber algunha outra praza vacante, en aplicación da non vinculación a un posto concreto regulada no artigo 23º desta orde.

Nos anteriores supostos de feito, no caso de que fosen varios os interinos que desempeñasen postos de traballo na unidade, para determinar que persoa debe cesar aplicaranse os seguintes criterios:

a) As persoas que non formen parte das respectivas bolsas de traballo ou de reserva cesarán con preferencia aos integrantes das ditas bolsas.

b) En ausencia do criterio anterior, no caso de que haxa funcionarios interinos que non levasen máis de dezaioito meses destinados nese órgano, cesará o que leve menos tempo; se houberse funcionarios interinos que levasen máis de dezaioito meses, cesará aquel que leve máis tempo traballando nese órgano. En caso de empate, cesará o que teña peor posición na bolsa.

Para estes efectos, para o cómputo dos dezaioito meses considerárase como data inicial a de publicación da resolución pola que se aproban as listaxes definitivas de incluídos nas bolsas de traballo e de reserva de funcionarios interinos dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.

2. Os interinos nomeados ao abeiro do disposto no artigo 19º desta orde cesarán por expiración do prazo polo que fosen nomeados.

3. Ademais, tanto para os nomeados ao abeiro do artigo 18º coma para os nomeados ao abeiro do artigo 19º desta orde, acordarase o cesamento dos interinos:

a) Por falta ou falsidade inicial ou sobrevida dalgúns dos requisitos exixidos ou das circunstancias alegadas para a súa inclusión na bolsa.

b) Por sanción de falta moi grave cometida polo funcionario interino.

c) Por manifesta falta de capacidade ou de rendemento de conformidade co establecido no artigo seguinte.

d) Por supresión da praza desempeñada.

e) Por alcanzar a idade legal de xubilación.

f) Por renuncia voluntaria.»

Terceiro.-O artigo 23º queda redactado como segue:

«Artigo 23º.-*Vinculación e eficacia temporal dos nomeamentos.*

1. A vinculación xurídica e económica dos funcionarios interinos coa consellería competente en materia de xustiza comeza desde o momento da súa toma de posesión e extingúese na data en que se dispoña o seu cesamento.

2. Os nomeamentos realizados segundo o disposto no artigo 18 desta orde non vinculan a persoa selec-

cionada co posto concreto que orixinou o seu nomeamento.

3. A regra prevista no punto anterior non será de aplicación ao persoal interino de reforzo.»

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, excepto o previsto no seu punto segundo no relativo á nova redacción do artigo 21.1º b), que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 3 de agosto de 2010 pola que se resolve o concurso público para a adxudicación dunha praza de profesor de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).

Pola Orde do 18 de maio de 2010 convocouse concurso público para a adxudicación dunha praza de profesor/a de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).

En aplicación do establecido no anexo I, base cuarta da referida orde de convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública a resolución definitiva do concurso público antes citado e adxudicarlle a praza a Jaime Varela Sieiro, profesor de ensino secundario de lingua e literatura galegas.

Segundo.-O funcionario seleccionado quedará adscrito ao posto adxudicado a partir do 1 de setembro de 2010 en réxime de comisión de servizos para o curso académico 2010-2011 podendo o seu nomeamento ser renovado, cada curso académico e ata un máximo de cinco, sempre que conte cos informes favorables da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Ministerio de Educación.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerarse oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo

de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e nos termos establecidos no artigo 10 e 46 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DO MERCANTIL
NÚMERO DOUS DE PONTEVEDRA**

Edicto (683/2009-M).

O Xulgado do Mercantil número dous de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 164 do LAC, anuncia

Primeiro.-Que no procedemento ordinario 683/2009, se ditou a seguinte sentenza que di literalmente o seguinte:

«Sentenza nº 134

Na cidade de Pontevedra o 31 de maio de 2010.

María Aurelia Montenegro Arce, maxistrada-xuíza substituta do Xulgado do Mercantil número dous de Pontevedra, viu os presentes autos de xuízo ordinario 683/2009, sobre reclamación de cantidade en concepto de responsabilidade de administrador social, promovidos por instancia da mercantil *J&A Garrigues, S.L.P.*, representado polo procurador sr. Sanjuán, e asistido polo letrado sr. Garrido Ozcoidi, contra Juan Antonio Pizorno Díaz, declarado en situación de rebeldía procesual.

Decido

Que estimo a demanda deducida pola representación procesual da mercantil *J&A Garrigues, S.L.P.* e en consecuencia condeno o demandado, Juan Antonio Pizorno Díaz, a aboarlle á demandante a suma total de 4.350 euros, que xerarán o xuro legal desde a data da reclamación xudicial, con imposición ao dito demandado do pagamento das custas do proceso.

Contra esta sentenza cabe recurso de apelación perante a Audiencia Provincial de Pontevedra, sección primeira, que se deberá preparar perante este xulgado dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 457 e seguintes da LAC.

A parte recorrente deberá, de ser o caso, efectuar o depósito ordenado na LOPX (disposición décimo